

# Don Andrés o Guapo

**Domingo VILLAR**

Hai catro ou cinco anos estaba eu nunha cantina de México D.F. dándolle ao mezcal cuns amigos cando se nos achegou unha muller de cabelos brancos. Entre outros contos, aquela vella algo bébeda relatounos a historia de Andrés Taboada, un xesuíta galego que fora enviado ás montañas de Michoacán alá polos anos cincuenta.

Aquel misioneiro acababa de saír do noviciado e tiña pouco que ver co resto dos *padrecitos* da congregación. Era alto, cos ollos claros e a pel morena, tan apostado que, na primeira misa que celebrou, as freguesas quedaron impresionadas e el foi bautizado como don Andrés o Guapo.

O eco da beleza do frade comezou a espallarse de ranchería en ranchería, e cada domingo máis mulleres respondían á chamada das campás. Por todas as ladeiras chegaban mozas emperiquitadas como para unha festa, cos beizos e os ollos pintados, atraídas pola fermosura de don Andrés.

Ao cabo dun mes eran tantas as admiradoras que non collían na igrexa. Semellaba que todas as mulleres da serra estaban alí. Mesmo algunhas que non eran crentes nin entendían máis có náhuatl sentaban sorrintes no primeiro banco, a mirar para o Guapo.

O bo de don Andrés Taboada non sabía que facer para que todo aquel mullerío, en vez de ver o cantante, fose escoitar as cancións. Decidiu deixar crecer a barba e foi peor: os suspiros eran tantos que o descentraban e máis dunha vez perdeu o fio na homilía.

Unha mañá, rematada a eucaristía, vendo o xentío que agardaba por el fóra do templo, buscou acubillo no confesionario. Tiña máis intención de facer un receso que de absolver a ninguén pero, cando quixo darse de conta, a fileira para confesar xa saía pola porta da igrexa.

Aquel domingo estivo ata a noitiña administrando a penitencia ás mulleres. E os domingos seguintes tamén. Como o asunto era estar con el, cando as mozas quedaron sen pecados comezaron a inventalos e, xa metidas en fariña, trataban de namoralo relatándolle os pormenores das súas fazañas pecadentas. Por máis que o Guapo as instase a abreviar os contos, elas largábanllo todo. Incluso nunha ocasión unha rapaza pregoulle: “No me absuelva todavía, Padre, que lo mejor viene ahorita”.

Don Andrés aguantaba como podía as confidencias, pero os que non as soportaban eran os homes da serra.

Unha daquelas tardes de domingo, catro maridos celosos foron buscar ao Guapo e, no mesmo confesionario, pasárono pola navalla. Se non lle desfiguraron o rostro foi por unha rapaza que llelo impediu malia levar ela mesma un corte no pescozo. A moza salvouse por pouco. O Guapo morreu alí.

Cando acabaron de chorar, as mulleres levaron o cadáver do frade a un taxidermista. Pretendían expoñelo disecado entre San Ignacio e a Virxe de Guadalupe. Foi o bispo quen se negou a colocalo alí coa excusa de que as igrexas da súa diocese só acollían imaxes dos santos, e ao pai Taboada, por moita insinuación que levase resistido, aínda estaba por ver se o canonizaban.

Esta é a historia de don Andrés o Guapo tal como nola contou a vella aquela noite na cantina. Eu non lles sei se é verdade. Agora, a cicatriz na gorxa tiña. Vímola todos. Pódeno crer porque é así.

(En DE LONXE, *La Voz de Galicia*, 13/03/2011)